



REGULAMENTO DE DISTINCIÓNS DA FGA

A Federación Galega de Atletismo, en cumprimento do establecido nos seus estatutos, procede á elaboración da regulamento de concesión de distincións, honores e recoñecementos a aquelas persoas e entidades que destacaran polos seus méritos deportivos, traxectoria deportiva ou dedicación ao atletismo, en calquera das disciplinas ou por seus especiais servizos á FGA.

Con tal finalidade e en cumprimento dos vixentes Estatutos e do seu, regularanse os procedementos e os tramites pertinentes para a concesión a través da Comisión de Distincións e Premios, segundo o disposto no presente regulamento.

Procedemento a seguir:

- a) O presente regulamento de distincións da FGA, en estado de borrador na actualidade, foi presentado a todos os membros da Xunta Directiva da FGA para que puideran facer aportacións. As que se fixeron foron recollidas.
- b) Tamén foi remitido aos membros das seguintes comisións co obxecto de que puideran facer novas propostas ao correo secretaria@atletismo.gal:
 1. Comisión Delegada da Asemblea Xeral
 2. Comisión de atletas da Asemblea Xeral
 3. Comisión de adestradores da Asemblea Xeral
 4. Comisión de clubs da Asemblea Xeral
 5. Comisión de xuíces da Asemblea Xeral
 6. Comité Técnico da FGA
 7. Comisión Escolar da FGA
 8. Comité Galego de Xuíces
 9. Comité de Atletas Veteranos
 10. Comisión de Clubs
 11. Escola Galega de Adestradores

A Xunta Directiva da FGA aprobou o día 9 de marzo de 2021, o seguinte regulamento para a concesión de Distinción e Premios da FGA.

TITULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Normas xerais da Comisión de Distincións e Premios da FGA.
2. Funcións da Comisión de Distincións e Premios da FGA

TITULO II: CONDECORACIÓNS E DISTINCIÓNS

GRUPO I

1. Placa de Honor con medalla de ouro da FGA
2. Medalla ao Mérito Deportivo da FGA
 - ✓ Medalla de Ouro da FGA
 - ✓ Medalla de Prata da FGA
 - ✓ Medalla de Bronce da FGA
3. Placa polo servizos prestados á FGA
 - ✓ Placa de Ouro da FGA



- ✓ Placa de Prata da FGA
- 4.- Placa Aniversario da FGA

GRUPO II

1. Medalla da FGA ao Mérito Olímpico
2. Placa conmemorativa da FGA

GRUPO III

1. Placa Julian Bernal ao Mérito Máster
2. Placa Ramón Docal ao Mérito da labor dos xuíces
3. Placa ao Mérito da promoción atlética
4. Placa ao Mérito na difusión e comunicación do atletismo galego

GRUPO IV

1. Premios da Gala Anual da FGA

TITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

1. NORMAS XERAIS DA COMISIÓN DE DISTINCIÓN E PREMIOS DA FGA

Artigo nº 1. A Comisión de Distincións e Premios da FGA estará presidida por un membro da Xunta Directiva, a designación do presidente da FGA. Actuará de secretario da mesma o secretario xeral da FGA ou persoa na que delegue. O número máximo de integrantes non será superior a 6. A composición é a seguinte:

Función	Nome
Presidente/a:	XXXXXXXX
Vogal	XXXXXXXX
Vogal	XXXXXXXX
Vogal	XXXXXXXX
Vogal	XXXXXXXX
Secretario/a	XXXXXXXX

Artigo nº 2. A Comisión de Distincións e Premios da FGA, se reunirá polo menos unha vez ao ano, para fallar os premios correspondentes á temporada deportiva rematada, ao marxe de que poidan celebrarse con carácter de urxencia ou extraordinario.

Artigo nº 3. A xuntanza da Comisión se convocará, como mínimo, con 3 días de antelación. A convocatoria da reunión farase a través do seu secretario, a proposta do presidente da FGA, salvo aquelas de carácter de urxencia ou extraordinario que poderán convocarse con 24 horas de antelación, á proposta do presidente da FGA.

Artigo nº 4. A Comisión de Distincións e Premios da FGA será a encargada de recibir todas as propostas de distincións e premios dos diferentes órganos e estamentos. Pola súa parte a Comisión poderá propoñer candidatos/as aos premios convocados por outras institucións, tanto de nivel autonómico como nacional.



Artigo nº 5. As propostas para a súa concesión deberán ser presentadas, a través dos impresos oficiais establecidos para iso, que poderán obterse na páxina web da FGA, e que se indican no presente regulamento no Anexo I, e deberán ser dirixidas á secretaría xeral da FGA nos prazos establecidos para cada tempada. Será necesario que o presidente ou secretario da entidade solicitante acredite os méritos ou o currículo presentado.

Artigo nº 6. Os expedientes deberán enviarse, coa documentación que acredite debidamente a distinción solicitada, ao secretario xeral da FGA. En caso contrario, non serán admitidos a trámite.

Artigo nº 7. As peticións de recompensas e distincións terán un prazo de envío de solicitudes de recoñecemento ata 15 días antes da celebración da reunión. Non serán admitidas propostas que non sexan realizadas en impreso oficial, nin as recibidas fóra do prazo establecido.

Artigo nº 8. As peticións realizaranse a través de:

- a) A Xunta Directiva da FGA
- b) O Comité Galego de Xuíces(CGX)
- c) Comisión Delegada da FGA
- d) Outras comisións da FGA
- e) A propia Comisión de Distincións e Premios

Artigo nº 9. O Presidente da FGA, membros da Xunta Directiva, Comisión Delegada ou calquera entidade deportiva con licenza en vigor pola FGA poderán propoñer as distincións e premiacións que consideren oportunas, segundo as normas establecidas no presente Regulamento.

Artigo nº 10. A Comisión de Distincións e Premios da FGA, unha vez estudadas as propostas, procederá á súa instrución, ata finalizar o procedemento. Seguidamente, as remitirá á Xunta Directiva da FGA para a súa aprobación definitiva e información

Artigo nº 11. A Comisión de Distincións e Premios da FGA posúe a potestade para estudar directamente concesións que non tiñan sido propostos, das que teña coñecemento dos méritos adquiridos e que cumpran cos criterios que se sinalan para a súa concesión.

Artigo nº 12. A Comisión de Distincións e Premios da FGA controlará, desde a súa Secretaría, as actuacións dos deportistas das diferentes modalidades atléticas, cos criterios que se sinalan para a súa concesión, e para devandito fin será asistida polo Comité Técnico da FGA.

Artigo nº 13. No caso de Directivos, Técnicos e Xuíces, a concesión dunha distinción ou premio dun determinado nivel, implica un período mínimo de catro anos, antes de poder solicitar á de nivel superior.



Artigo nº 14. Non obstante o establecido nos artigos anteriores, o presidente ou a Xunta Directiva da FGA, a proposta da Comisión de Premios ou por propia iniciativa, poderá outorgar, de xeito excepcional, outras distincións.

Artigo nº 15. Poden ser obxecto de distinción por parte da FGA as persoas físicas e xurídicas, estean ou non afiliadas á Federación, que en razón dos seus méritos, merezan as distincións que, segundo a súa clase e conforme ao indicado nos artigos seguintes, sexan de aplicación. Con excepción dos premios obtidos segundo se articula no Grupo I – Placa ao Mérito Deportivo, en ningún caso poderá ser proposto para unha distinción ou premio os membros en activo da Xunta Directiva ou Comisión Delegada da FGA.

Artigo nº 16. A FGA levará un Libro-Rexistro de distincións por categorías, con expresión dos nomes das persoas físicas ou xurídicas galardoadas, e data de entrega da correspondente distinción.

Artigo nº 17. A entrega das Distincións, Premios e Honores da FGA será efectuada en acto solemne convocado ao efecto, maioritariamente durante a Gala Anual da FGA.

Artigo nº 18. Para o outorgamento da Distincións e Premios establecidos neste Regulamento, será indispensable a asistencia aos actos de concesión. Si por algunha causa maior, o galardoado non puidese acudir, deberá comunicar á Secretaría da Comisión, con antelación suficiente, o nome da persoa que acudirá no seu nome.

Artigo nº 19. As Distincións e Premios contemplados neste Regulamento poden ser concedidas a título póstumo.

Artigo nº 20. Se reconece a efectividade de todas as concesións realizadas á vixencia deste Regulamento, e para o seu Rexistro se habilitará por parte do secretario da Comisión de Premios e Distincións da FGA o apunte no libro correspondente.

Artigo nº 21. *Sobre a concesión das distincións e premios.* Os méritos indicados nos artigos anteriores, xunto aos cales deberase acreditar a exemplaridade da conduta de o/a candidato/a, non constitúen, por si sos, dereito automático para a súa concesión, senón que poderán ser tidos en conta pola Comisión de Distincións e Premios, para a proposta de concesión á Xunta Directiva da FGA.

Artigo nº 22. Corresponde ao presidente da FGA comunicar aos beneficiarios interesados, a concesión do premio ou distinción o outorgamento, excepto a Atletas do ano masculino e feminino, que se anunciará durante a celebración da Gala Anual do Atletismo.

Artigo nº 23. A entrega dos trofeos corresponderá principalmente aos membros da Xunta Directiva da FGA, autoridades ou patrocinadores propostos polo presidente.



O trofeo de atleta do ano masculino e feminino será entregado pola autoridade deportiva que o presidente designe.

Artigo nº 24. O presente regulamento non terá efectos retroactivos, e aplicarase a partir da data da súa aprobación.

2. FUNCÍONS DA COMISIÓN DE DISTINCIÓNS E PREMIOS DA FGA

- a) Unificar criterios.
- b) Establecer procedementos de avaliación.
- c) Determinar metodoloxías
- d) Períodos de traballo.
- e) Formular análise e recomendacións.
- f) Efectuar a convocatoria das correspondentes distincións
- g) Realizar a tramitación das correspondentes distincións.

1. A Comisión de Distincións e Premios da FGA será a encargada de efectuar a convocatoria e tramitación das correspondentes distincións para recoñecer a cantas persoas, asociacións e demais entidades, que se destacaron na práctica, organización, dirección, promoción, investigación e desenvolvemento das disciplinas acolleitas pola FGA e a difusión e desenvolvemento do atletismo en todos os ámbitos.

2. Libro de Distincións e Premios: Libro Rexistro informático instituído pola FGA, onde se irán inscribindo os datos identificativos de todas as persoas e institucións, que recibiron algunha das distincións e premios outorgados. O seu custodia correspondará á secretaría xeral da FGA.

TÍTULO II: CONDECORACIÓNS E DISTINCIÓNS

GRUPO I:

1. Placa de Honor con medalla de Ouro da FGA

É a máis alta condecoración que a FGA concede como recoñecemento dos méritos extraordinarios acadados por persoas vinculadas directamente ao atletismo, a nivel autonómico ou nacional, como directivos, técnicos, xuíces ou atletas retirados.

A proposta de concesión efectúaa a Comisión de Distincións e Premios da FGA, previo estudo do expediente presentado polo órgano ou por algún dos membros da Comisión, debendo existir unanimidade no acordo, que se someterá á aprobación á Xunta Directiva da FGA.

Observarase un criterio moi restrinxido na súa concesión, co obxecto de outorgarlle a máxima importancia.

2. Medalla ao Mérito Deportivo da FGA

A medalla ao mérito deportivo da FGA está destinada a distinguir aos deportistas de calquera das súas disciplinas atléticas que ao longo da tempada houberen alcanzando algún dos méritos deportivos seguintes:



- **Medalla de Ouro.** Para aqueles/as atletas que durante esa tempada alcanzasen o título de campión/a de o mundo da categoría absoluta ou campión/a olímpico/a. De igual xeito, outorgárase esta distinción a aqueles/as atletas que durante a tempada alcanzasen unha cifra igual ou superior a 50 participacións coa Selección Galega Absoluta. Se o atleta é convocado nunha competición e participa en dúas probas distintas, contabilízase como dúas actuacións
- **Medalla de Prata.** Para aqueles/as atletas que durante esa tempada alcanzasen o título de campión/a de Europa absoluto ou fosen medallistas no campionato do mundo Absoluto ou Xogos Olímpicos. De igual xeito, outorgárase esta distinción aqueles/as atletas que durante a tempada alcanzasen unha cifra igual ou superior a 40 participacións coa Selección Galega Absoluta.
- **Medalla de Bronze.** Para aqueles/as atletas que durante esa tempada fosen medallistas no campionato de Europa absoluto. De igual xeito, outorgárase esta distinción a aqueles/as atletas que durante a tempada alcanzasen unha cifra igual ou superior a 30 participacións coa Selección Galega Absoluta.

3. Placa da FGA polos servizos prestados ao atletismo galego

A placa da FGA destinarase para premiar servizos persoais de gran valor e/ou relevancia á FGA, en xestión, dirección, organización, investigación e/ou promoción nos apartados deportivo, técnico, directivo ou social, tanto a nivel autonómico, nacional como a nivel internacional, e que se fixeron acredores ao respecto e consideración da comunidade atlética galega e española a través dunha impecable e exemplarizante traxectoria en prol do atletismo.

As placas poderán ser de Ouro ou Prata. Determínase que se pode recibir a de Ouro sen ter recibido previamente a de Prata.

Poderanse conceder para todos os estamentos atléticos, cada ano e como máximo, as seguintes insignias:

- Dúas placas de Ouro.
- Catro placas de Prata.

As solicitudes, no caso de que se trátase dun directivo, corresponderán ao club de pertenza. Para os xuíces polo Comité Galego de Xuíces. Para os adestradores ou técnicos será a propia federación a través de calquera das súas comisións e comités.

Cando se trate de cargos e actividades federativas, a documentación será certificada pola FGA.

Os requisitos mínimos que deben reunir as propostas son os seguintes:

Placa de Ouro da FGA

- a) Concederáse aos presidentes/as, vicepresidentes/as, secretarios/as e presidentes/as de Comisións ou Comités da FGA aos presidentes/as entidades ou clubs, con 25 anos de actividade no cargo.
- b) Aos membros do CGX, en activo, con 25 anos de servizo, contados desde o inicio da súa actividade no Comité Galego con algunha actuación internacional, por designación da IAAF ou dalgunha outra federación internacional,



- c) Os adestradores/as ou técnicos/as con titulación vixente da ENE ou CENFA de adestrador ou técnico, que acrediten a súa categoría, preparando atletas internacionais ou destacados a nivel nacional, durante un período de 25 anos. Será indispensable que ademais da titulación, estívose en posesión da licenza de adestrador ou monitor en devandito período.

Placa de Prata da FGA

- a) Concederáse aos presidentes/as, vicepresidentes/as, secretarios/as e presidentes/as de Comisións ou Comités da FGA, aos presidentes/as de entidades ou clubs, con 20 anos de actividade non seu cargo.
- b) Aos membros do CGX, en activo, con 20 anos de servizo, contados desde o inicio da súa actividade no Comité Galego, con algunha actuación internacional, por designación da IAAF ou dalgunha outra Federación Internacional, e habendo figurado como integrante de Xurado de Competicións Internacionais celebradas en España ou en Campionatos Nacionais en calidade de xuíz/a arbitro, ou outro posto de relevo.
- c) Os adestradores/as ou técnicos/as con titulación vixente da ENE ou CENFA de adestrador ou técnico, que acrediten a súa categoría, preparando atletas internacionais ou destacados a nivel nacional, e autonómico durante un período de 20 anos. Será indispensable que ademais da titulación, estívose en posesión da licenza de adestrador ou monitor en devandito período.

4. Placa Aniversario.

É unha distinción establecida para conmemorar un feito ou acontecemento transcendental na historia do noso deporte.

Concederáse a entidades que cumpran, 50, 75 e 100 anos de actividade recoñecida dentro da FGA.

A antigüidade recoñecida será a establecida a partir da data fundacional escriturada que deberá presentarse á FGA no momento de que se faga, por parte do club ou outro estamento atlético, a proposta de concesión de Placa Aniversario.

GRUPO II

Para quen indirectamente, por accións ou feitos moi relevantes ou actividades moi destacadas, propiciase o desenvolvemento e potenciación do atletismo galego.

1. Medalla ao Mérito Olímpico da FGA.

Premiarase aos/as atletas que foran participantes nos Xogos Olímpicos, con motivo da súa retirada. Ata conceder a todos os retirados, outorgaranse un máximo de tres distincións por cada ano, podendo facerse a título póstumo, segundo a data de celebración dos Xogos Olímpicos. As primeiras corresponderán á edicións mais antigas.

2. Placa Conmemorativa da FGA,

Distinción extraordinaria outorgada para rememorar datas ou actos relevantes na historia do atletismo galego cuxa transcendencia perdura o perdurou no tempo.

GRUPO III



Para premiar feitos concretos de gran relevancia, dos/as atletas ou xuíces/zas en activo:

1. Placa Julian Bernal ao Mérito Máster

Premio extraordinario outorgado pola Comisión do Atletismo Master para premiar o labor de desenvolvemento e promoción do atletismo Master.

1. Este premio vai dirixido a persoas maiores de 65 anos, nas que concorran unha longa traxectoria no Atletismo Master Galego e terase en conta que destaquen non só pola súa actividade deportiva senón polos seus valores no deporte e a súa achega ao movemento Master.
2. Calquera estamento atlético galego poderá presentar candidatos/as ata o día 31 de decembro do ano anterior. Entre as candidaturas recibidas, a Comisión de Atletas Master fará un estudo e elevará unha proposta para a súa aprobación pola Xunta Directiva da FGA.

2. Placa Ramón Docal ao Mérito da labor dos xuíces

Premio anual que será outorgado polo Comité Galego Nacional de Xuíces para recoñecer a traxectoria deportiva dos/as xuíces/zas, tendo en conta a súa historial deportiva, a súa achega ao desenvolvemento do CGX e a transmisión dos valores que distinguen a este colectivo.

Este premio instaurouse, para distinguir e premiar a traxectoria exemplar daqueles xuíces que destacaron nesta Comunidade Autónoma, polo seu esforzo, dedicación e achegas ao mundo do atletismo galego.

Como queda sinalado, a placa coa que se premiará ao xuíz máis destacado de Galicia, chamarase ?PLACA RAMON DOCAL?, sendo ou seu deseño ou seguinte:

Escudo Federativo. A Federación Galega de Atletismo, a través do seu Comité Galego de Xuíces, concede a PLACA DOCAL, correspondente á tempada 202X, a/ó Xuiz..... DON/A XXXXX, pola súa dedicación, esforzo e achegas feitas ao Atletismo Galego
Data.....

Procedemento da concesión:

1. Poderase propor aos xuíces con licenza en vigor pola FGA con méritos para recibir a mesma, tanto polas delegacións do Comité Galego de Xuíces, como polas delegacións da Federación Galega de Atletismo, ou por calquera dos estamentos ou persoas que formen parte do mesmo.
2. As propostas, calquera que sexa a vía, deberán ir acompañadas dunha breve apunta do candidato e deberán ter entrada non CGX, antes do 31 de Outubro de cada ano.
3. Finalizado ou prazo de recepción de propostas, en reunión dá Xunta Directiva do CGX, procederáse á concesión da PLACA RAMÓN DOCAL, mediante ou seguinte procedemento:
 - a) Primeira votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar a un máximo de TRES candidatos. Os TRES candidatos con máis votos (e os empatados en terceiro lugar) pasarán á seguinte votación.
 - b) Segunda e última votación: cada un dos presentes con dereito a voto, votará a un dos xuíces da nova lista, concedéndose a placa ao



candidato máis votado. En caso de empate decidirá o voto de calidade o presidente do CGX.

4. A PLACA RAMON DOCAL poderá tamén ser concedida con carácter extraordinario a título póstumo.
5. A PLACA será entregada ao xuíz/a elixido/a, ou se fose concedida a título póstumo, aos seus familiares, na Gala Anual da FGA ou, en caso de imposibilidade, nun acto a decidir pola Xunta Directiva do CGX, que contribúa a realzar tanto a figura do homenaxeado como a importancia do galardón.
6. Ningún membro da Xunta Directiva do CGX, non ano de concesión, poderá optar á PLACA RAMON DOCAL. Así mesmo só se poderá conceder ao mesmo xuíz nunha soa ocasión

3. Placa ao Mérito da promoción atlética

Para recoñecer a labor de quen contribúe á promoción do atletismo, en especial no traballo coas categorías inferiores, potenciando o deporte de base e a educación a través da práctica atlética.

4. Placa ao Mérito na difusión e comunicación do atletismo galego

Para recoñecer o labor de quen difunden as diferentes actividades e disciplinas deportivas do atletismo e da FGA no ámbito autonómico, nacional e internacional, a través dos medios de comunicación e outras actividades sociais.

GRUPO IV

Premios da GALA ANUAL da FGA

Na Gala Anual do Atletismo entregaranse os seguintes premios:

1. Mellor Atleta Masculino e Feminino da categoría Absoluta.
2. Mellor Atleta Masculino e Feminino da categoría Sub 23.
3. Mellor Atleta Masculino e Feminino da categoría Sub 20.
4. Mellor Atleta Masculino e Feminino da categoría Master.
5. Mellor Adestrador/a da categoría absoluta
6. Mellor Adestrador/a da Xeración Atletismo Galego
7. Mellor Xuíz/a e Xuíz/a do ano.
8. Mellor Xuíz/a Novel do ano
9. Premio Muller e Atletismo
10. Melloras organizacións nos seguintes apartados:
 - ✓ Meeting de Aire Libre
 - ✓ Meeting de Pista Cuberta
 - ✓ Probas de Maratón
 - ✓ Probas de Medio Maratón
 - ✓ Probas de 10 km
 - ✓ Probas de Milla en Ruta
 - ✓ Probas de Campo a Través
 - ✓ Probas de Marcha Atlética en Ruta
 - ✓ Probas de Trail Running
11. Premio ao concello que se signifique polo apoio ao atletismo federado
12. Mellor Club da categoría Masculina



13. Mellor Club da categoría Feminina
14. Mellor Club en categorías menores
15. Placa ao Mérito na difusión e comunicación do atletismo galego
16. Premios especiais aos patrocinadores e provedores da FGA
17. Premio aos/as atletas que houberan batido un Récord de España, de Europa ou do Mundo
18. Premio Práctica Atlética en Valores

1. Mellor Atleta Masculino e Feminina de Categoría Absoluta

Con este premio quérese recoñecer ao mellor atleta masculino e mellor atleta feminina en categoría absoluta. A elección basearase nos resultados obtidos e os méritos deportivos da tempada finalizada. O procedemento de elección será o seguinte:

- ✓ A FGA fará unha proposta dos atletas aspirantes que acadaran nesta categoría medallas non Campionatos de España ou campionatos internacionais, para que durante un período non inferior a 20 días a través da web da FGA, todos/as os/as afeccionados/as, estamentos e seguidores/as poderán votar ao seu candidato/a favorito/a.
- ✓ Desa votación seleccionaranse os máis votados, un mínimo de 3 e un máximo de 5 atletas. De entre os/as candidatos/as seleccionados/as, os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán a o/a ganador/a e aos/as dous atletas finalistas ao premio.
- ✓ O/A atleta máis votado/a será o ganador/a de este premio, e o/a 2º e 3º atleta máis votados/as terán a condición de finalistas e o seu correspondente premio na Gala Anual.

2. Mellor Atleta Masculino e Feminina en Categoría Sub 23

Con este premio quérese recoñecer ao mellor atleta masculino e a mellor atleta feminina en categoría sub 23. A elección basearase nos resultados obtidos e os méritos deportivos da tempada finalizada. O procedemento de elección será o seguinte:

- ✓ A FGA fará unha proposta dos atletas aspirantes que acadaran nesta categoría medallas non Campionatos de España ou campionatos internacionais Sub23, para que durante un período non inferior a 20 días a través da web da FGA, todos/as os/as afeccionados/as, estamentos e seguidores/as poderán votar ao seu candidato/a favorito/a.
- ✓ Desa votación seleccionaranse os/as máis votados/as, un máximo de 3 atletas. De entre os/as candidatos/as seleccionados/as, os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán a o/a ganador/a e aos/as dous atletas finalistas ao premio.
- ✓ O/A atleta máis votado/a será o/a ganador/a de este premio.

3. Mellor Atleta Masculino e Feminina en Categoría Sub 20

Con este premio quérese recoñecer ao mellor atleta masculino e a mellor atleta feminina en categoría sub 20. A elección basearase nos resultados obtidos e os méritos deportivos da tempada finalizada. O procedemento de elección será o seguinte:



- ✓ A FGA fará unha proposta dos atletas aspirantes que acadaran nesta categoría medallas non Campionatos de España ou campionatos internacionais Sub20, para que durante un período non inferior a 20 días a través da web da FGA, todos/as os/as afeccionados/as, estamentos e seguidores/as poderán votar ao seu candidato/a favorito/a.
- ✓ Desa votación seleccionaranse os/as máis votados/as, un máximo de 3 atletas. De entre os/as candidatos/as seleccionados/as, os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán a o/a ganador/a.
- ✓ O/A atleta máis votado/a será o/a ganador/a de este premio.

4. Mellor Atleta Masculino e Feminina Master

Con este premio quérese recoñecer ao mellor atleta masculino e a mellor atleta feminina en categoría Master. A elección basearase nos resultados obtidos e os méritos deportivos da tempada finalizada. O procedemento de elección será o seguinte:

- ✓ 1/3 da valoración por táboa de puntuación WAMA.
- ✓ 1/3 da valoración por votación aberta na www.atletismo.gal de todos os afeccionados e estamentos do atletismo galego. A FGA fará una proposta dos atletas Master que acadaran medallas de ouro nos Campionatos de España ou medallas en campionatos de Europa ou do Mundo Master.
- ✓ 1/3 da valoración por votación popular dos atletas master galegos con licenza en vigor. Poderán facelo a través da www.atletismo.gal, tras identificarse co seu número de licenza durante un prazo non inferior a 20 días.

5. Mellor Adestrador/a absoluto

Con este premio quérese recoñecer a o/a mellor adestrador/a de atletas de categoría absoluta. A elección basearase nos resultados obtidos polos seus atletas (en categoría Sub23 e absoluto) e os méritos deportivos da tempada finalizada.

O procedemento de elección será o seguinte:

- ✓ A FGA fará unha proposta dun número reducido de aspirantes, durante un período de 20 días a través da web da FGA ou das súas RRSS, onde todos/as os/as afeccionados/as e seguidores/as poderán votar ao seu adestrador/a favorito/a. Os seleccionados deberán ter atletas que no último ano acadaran medallas absolutas nos Campionatos de España ou récords de Galicia absolutos en probas olímpicas
- ✓ Desa votación seleccionaranse os máis votados, un máximo de 3 adestradores. De entre os candidatos seleccionados, os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán a o/a ganador/a.
- ✓ O/A Adestrador/a máis votado será o ganador/a de este premio.

Para optar a este premio será condición ser adestrador de Club (TD2) ou Nacional (TD3) e ter licenza en vigor pola FGA.

6. Mellor Adestrador/a da Xeración Atletismo Galego

Con este premio quérese recoñecer ao/a mellor adestrador/a de atletas de categorías Sub20,



Sub18 e Sub16. A elección basearase nos resultados obtidos polos seus atletas e os méritos deportivos da tempada finalizada.

O procedemento de elección será o seguinte:

- ✓ A FGA fará unha proposta dun número reducido de aspirantes, durante un período de 20 días a través da web da FGA ou das súas RRSS, onde todos/as os/as afeccionados/as e seguidores/as poderán votar ao seu adestrador/a favorito/a. Os seleccionados deberán ter atletas que no último ano acadaran medallas nos Campionatos de España destas categorías ou récords de Galicia destas categorías
- ✓ Desa votación seleccionaranse os/as 2 adestradores máis votados,. De entre os/as candidatos/as seleccionados/as, os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán a o/a ganador/a.
- ✓ O/A Adestrador/a máis votado será o ganador/a de este premio.

Para optar a este premio será condición ser adestrador de Club (TD2) ou Nacional (TD3) e ter licenza en vigor pola FGA

7. Mellor xuíz/a do ano

Para premiar aos/as xuíces/zas que de forma significativa se distinguiran durante o ano polo seu especial coñecemento das regras, a súa posta en práctica de forma acertada, atención ao colectivo, situacións especiais no xuzgamento e dedicación ao estamento en calquera das súas facetas.

1. El Premio só poderá recaer nos xuíces/zas con licenza emitida pola FGA, en vixencia no ano da distinción.
2. O expediente para a concesión poderá iniciarse:
 - a. Por iniciativa dos membros de la Xunta Directiva do CGX.
 - b. Por un grupo significativo de Xuíces (alo menos 20 firmas), con licenza FGA, vixente no ano da proposta.
3. Finalizado o prazo de recepción da propostas, en reunión da Xunta Directiva do CGX, se procederá á concesión mediante o seguinte procedemento:
 - a. Primeira votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar a un máximo de cinco (5) candidatos/as da relación de propostas aceptadas. Os/as cinco candidatos/as con máis votos (e os/as empatados/s en quinto lugar se os houbera) pasarán á seguinte votación.
 - b. Segunda votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar, como máximo a dous (2) dos cinco xuíces/zas máis votados na primeira votación. Os/as dous candidatos/as con máis votos (e os/as empatados/as no segundo lugar se os houbera) pasarán á última votación.
 - c. Terceira e última votación: Cada un dos presentes con dereito a voto votará a un/a so/a candidato/a dos/as máis votados/as na anterior votación, concedéndose o premio ao que obteña maior número de votos. Para desfacer un posible empate será dirimente o voto de calidade do presidente do CGX.
4. Ningún membro da Xunta Directiva do CGX ou empregado da FGA, no ano da concesión, poderá optar á distinción.

8. Mellor xuíz/a novel do ano



Para premiar aos/as xuíces/zas que de forma significativa se distinguiran durante o ano polo seu especial coñecemento das regras, a súa posta en práctica de forma acertada, atención ao colectivo, situacións especiais no xuzgamento e dedicación ao estamento en calquera das súas facetas.

1. El Premio só poderá recaer nos xuíces/zas con licencia emitida pola FGA, acreditados na categoría RFEA Nivel I e Nacionais, en vixencia no ano da distinción.
2. O expediente para a concesión poderá iniciarse:
 - a. Por iniciativa dos membros de la Xunta Directiva do CGX.
 - b. Por un grupo significativo de Xuíces (alo menos 20 firmas), con licencia FGA, vixente no ano da proposta.
3. Finalizado o prazo de recepción da propostas, en reunión da Xunta Directiva do CGX, se procederá á concesión mediante o seguinte procedemento:
 - a. Primeira votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar a un máximo de cinco (5) candidatos/as da relación de propostas aceptadas. Os/as cinco candidatos/as con máis votos (e os/as empatados/s en quinto lugar se os houbera) pasarán á seguinte votación.
 - b. Segunda votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar, como máximo a dous (2) dos cinco xuíces/zas máis votados na primeira votación. Os/as dous candidatos/as con máis votos (e os/as empatados/as no segundo lugar se os houbera) pasarán á última votación.
 - c. Terceira e última votación: Cada un dos presentes con dereito a voto votará a un/a so/a candidato/a dos/as máis votados/as na anterior votación, concedéndose o premio ao que obteña maior número de votos. Para desfacer un posible empate será dirimente o voto de calidade do presidente do CGX.
5. Ningún membro da Xunta Directiva do CGX ou empregado da FGA, no ano da concesión, poderá optar á distinción.

9. Premio Muller e Atletismo

A proposta de calquera estamento do atletismo galego, e previa ratificación dos membros da Xunta Directiva, outorgarase o premio Muller e Atletismo a mulleres que, pola súa contribución, posibilitaran o desenvolvemento e promoción do atletismo feminino en calquera dos diferentes estamentos ou grupos colaboradores: atletas, adestradoras, xuízas, directivas, organizadoras, medios de comunicación, patrocinadoras, etc.

Os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán á gañadora do premio.

Se establece que, salvo circunstancias excepcionais, se conceda un premio por ano.

10. Mellores organizadores

A FGA premiará na Gala Anual aos mellores organizadores de cada una das categorías expostas a continuación, atendendo ao sistema de puntuación establecido polo departamento de estatística e organizacións da FGA para valorar o nivel deportivo e organizativo de cada unha das probas nas súas diferentes



modalidades e disciplinas. Entre eles: a) Número de participantes; b) Categoría da competición (autonómica ou nacional); c) Rexistros acadados (só en circuitos homologados); d) Calidade dos atletas participantes.

- ✓ Mellor meeting de Aire Libre
- ✓ Mellor meeting de Pista Cuberta
- ✓ Mellor probas de ultra fondo en ruta
- ✓ Mellor proba de Maratón
- ✓ Mellor proba de Medio Maratón
- ✓ Mellor proba de 10 km. en ruta
- ✓ Mellor proba de Milla en ruta
- ✓ Mellor proba de Campo a Través
- ✓ Mellor proba de Marcha Atlética en Ruta
- ✓ Mellor proba de Trail – Running

Para poder optar ao premio, o organizador non deberá ter débedas pendentes coa FGA.

Os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán ao gañador en cada apartado.

11. Premio ao concello que se signifique polo apoio ao atletismo federado

A FGA premiará cunha distinción aos concellos galegos que se signifiquen polo seu apoio ao atletismo galego federado a dous niveis:

1. Concello de mais de 30.000 habitantes
2. Concello de menos de 30.000 habitantes

Os criterios utilizados pola Comisión de Distincións e Premios da FGA serán, entre outros:

- a) Número de competicións oficiais federadas apoiadas a nivel orzamentario polo concello.
- b) Cantidade orzamentaria aportada. Para non desconsiderar o potencial demográfico calcularase a inversión feita por habitante.
- c) Categoría deportiva destas probas, conforme aos criterios de mellores organizadores (punto 10).

Os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán á gañadora do premio.

12. Mellor club na categoría masculina

A FGA premiará ao Mellor Club da categoría masculina do ano na Gala Anual. Este premio se baseara nas puntuacións obtidas polos diferentes clubs en base aos seguintes criterios:

1. 25% do total. Á suma de puntos obtidos polas seus atletas en todos os Campionatos de Galicia (8 primeiros), tanto individuais como por equipos, en cada unha das categorías e especialidades indicadas, durante a temporada finalizada, conforme á seguinte proporción:

Categoría Absoluta	45%
Categorías, Sub23	35%
Categoría Master	20%



O 100% da puntuación en cada un dos tres grupos de idades corresponderá coa máxima cantidade de puntos posibles de todos os campionatos de Galicia, individuais e por equipos, nas categorías respectivas. O club que teña mais puntos recibirá 45 (Absoluta), 35 (Sub23) ou 20 puntos (Master). Os demais puntuaran proporcionalmente a este dato.

2. 20% do total. Aportación de atletas ás diferentes seleccións galegas absolutas. O club que teña mais cantidade de atletas que participaran recibirá 20 puntos. Os demais puntuaran proporcionalmente a este dato.
3. 20% do total. Participación nas Ligas Nacionais e número de medallas nos Campionatos de España absolutos e Sub23.
4. 10% do total. Á cantidade de atletas aportados ás diferentes seleccións de España absolutas e Sub23 durante a última tempada.
5. 10% do total. Número de adestradores con licencia pola FGA contratados polo club.
6. 10% do total. Cantidade de competicións organizadas polo club, en especial os Campionatos de Galicia.
7. 5% do total. Número de licencias federadas das categorías Sub20, Senior e Master, na seguinte proporción:

Categoría Absoluta	45%
Categorías, Sub23	35%
Categoría Master	20%

13. Mellor club na categoría absoluta feminina

A FGA premiará ao Mellor Club da categoría feminina do ano na Gala Anual. Este premio se baseara nas puntuacións obtidas polos diferentes clubs en base aos seguintes criterios:

1. **25% do total.** Á suma de puntos obtidos polas súas atletas en todos os Campionatos de Galicia (8 primeiros), tanto individuais como por equipos, en cada unha das categorías e especialidades indicadas, durante a temporada finalizada, conforme á seguinte proporción:

Categoría Absoluta	45%
Categorías, Sub23	35%
Categoría Master	20%

O 100% da puntuación en cada un dos tres grupos de idades corresponderá coa máxima cantidade de puntos posibles de todos os campionatos de Galicia, individuais e por equipos, nas categorías respectivas. O club que teña mais puntos recibirá 45 (Absoluta), 35 (Sub23) ou 20 puntos (Master). Os demais puntuaran proporcionalmente a este dato.

2. **20% do total.** Aportación de atletas ás diferentes seleccións galegas absolutas. O club que teña mais cantidade de atletas que participaran recibirá 20 puntos. Os demais puntuaran proporcionalmente a este dato.
3. **20% do total.** Participación nas Ligas Nacionais e número de medallas nos Campionatos de España absolutos e Sub23
4. **10% do total.** Á cantidade de atletas aportados ás diferentes seleccións de España Absolutas e Sub 23 durante a última tempada.



5. **10% do total.** Número de adestradores con licencia pola FGA contratados polo club.
6. **10% do total.** Cantidade de competicións organizadas polo club, en especial os Campionatos de Galicia.
7. **5% do total.** Número de licencias federadas das categorías Sub20, Senior e Master, na seguinte proporción:

Categoría Absoluta	45%
Categorías, Sub23	35%
Categoría Master	20%

14. Mellor club das categorías inferiores

A FGA premiará ao Mellor Club das categorías inferiores na Gala Anual. Este premio se baseara nas puntuacións obtidas polos diferentes clubs en base aos seguintes criterios:

1. **25% do total.** Á suma de puntos obtidos polas seus atletas en todos os Campionatos de Galicia (8 primeiros), tanto individuais como por equipos, en cada unha das categorías Sub10-12-14-16-18-20, durante a temporada finalizada.
2. **20% do total.** Número de licenzas federadas durante a última tempada atlética.
3. **15% do total.** Número de adestradores contratados polo club.
4. **15% do total.** Aportación de atletas ás diferentes seleccións galegas de nestas categorías, incluídas as escolares. O club que teña mais cantidade de atletas que participaran recibirá 20 puntos. Os demais puntuaran proporcionalmente a este dato.
5. **10% do total.** Número de medallas nos Campionatos de España
6. **15% do total.** Cantidade de competicións organizadas polo club, en especial os Campionatos de Galicia destas categorías.

15. Placa ao Mérito na difusión e comunicación do atletismo galego

Máximo de tres medios de comunicación.

Os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán o/os gañador/es do premio.

16. Premios especiais aos patrocinadores e provedores da FGA

17. Premios aos atletas que superen algún récord de Galicia, España, Europa ou do Mundo.

18. Premio Práctica Atlética en Valores

A FGA concederá un galardón á entidade ou membro de calquera estamento atlético con licenza en vigor que mediante unha conducta que defenda unha práctica atlética en valores se distinguiara durante a última tempada.

Os membros da Xunta Directiva a proposta da Comisión de Distincións e Premios da FGA mediante votación elixirán o/os gañador/es do premio.